

## UNHA EXTRAÑA HÓSPEDE

Era unha tarde de inverno en Sarria. Chegara esa tarde nun tren tan lento como os seus pensamentos. Na estación pensara que se equivocara de lugar ou de tempo. Tiña unha reserva nunha casa da rúa maior na que os donos a acolleran con informacións da zona e dos monumentos da vila. Non tiña pensado visitar ningún deles. Mesmo non lle interesaba o camiño de Santiago que centos de peregrinos comezan dende este lugar. Só quería estar soa e pensar.

O seu cuarto era o fiel reflexo dunha casa da burguesía da vila. Grande, ben iluminado por unha fiestra e unha porta que daba a unha balconada de pedra que daba a un xardín ben coidado. Os mobles de madeira falaban da opulencia dos moradores... ou das moradoras porque algo escoitara ao dono de que esta casa pertencera a xeracións de mulleres da mesma familia. Mesmo se lle escapara ao seu novo dono que a última muller que habitara esa casa pasara décadas sen saír á rúa. Curiosa historia.... mirando á rúa viu un pequeno home que estaba na porta dunha antiga tenda de ultramarinos que agardaba polos paseantes cun sorriso aberto que os convidaba a entrar naquela loxa que era un museo dos anos sesenta ou setenta do século pasado... sen dúbida o que parecía é que aquela vila se situaba entre dous mundos: o propio da realidade actual e un pasado ancorado nos mediados do século XX que debeu ser de esplendor e desenvolvemento.

Ela soñaba co silencio e a soidade daquel recuncho remoto. Informara aos amables homes que a recibirán que cearía no seu cuarto, que era vegana e que só se quedaría 2 noites. Non saíu do cuarto en todo o día nin no seguinte. Espida, o seu corpo recibía a enerxía dos escasos raios de sol que entraban pola fiestra. Os seus cabelos extremadamente longos eran como unha capa de algas que acubillaban un corpo miúdo, delgado e moi harmonioso. Os seus costumes non espertaban a curiosidade dos donos do establecemento afeitos a hospedar a xentes de todos os recantos do mundo. Eles mesmos eran dunha austeridade e elegancia que agradecía cun sincero sorriso.

O ton da súa pel era dourado e tiña unha tonalidade verdosa que se crería froito da súa alimentación.

O segundo día nin probou bocado da comida e da cea que lle deixaron nunha bandexa á porta do seu cuarto. Cando no amencer do terceiro día foron espertala como acordaran o silencio era absoluto detrás da porta... Pasaron as horas e ninguén respondía aos chamados na porta. Decidiron abrir antes de que chegaran as autoridades. No cuarto non había ninguén. Revisaron o baño e cada recuncho e nada delataba a presenza de ninguén..... saíron ao balcón de pedra e tardaron un pouco en ver que nunha grande maceta a terra estaba revolta e medraba unha planta nova: miúda, delgada, harmoniosa e cuns longos fíos dourados que semellaban unha cabeleira ao vento.